



Salón Teatro

Programación **inverno / primavera 10**



centro
dramático
galego

**febreiro
marzo
abril
2010**

Dossier de prensa

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

temporada 2009-2010

Programación Salón Teatro **febreiro - abril 2010**

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

Programación febreiro - abril 2010

Febreiro

Día	Hora	Espectáculo	Compañía	Xénero	Pág.
Xoves 11	11.00	Saltimbanquis	Teatro do Morcego	Teatro familiar	7
Venres 12	11.00	Saltimbanquis	Teatro do Morcego	Teatro familiar	7
Sábado 13	19.00	Saltimbanquis	Teatro do Morcego	Teatro familiar	7
Domingo 14	18.00	Saltimbanquis	Teatro do Morcego	Teatro familiar	7
Sábado 20	20.30	Après moi, le déluge	Teatre Lliure	Teatro	9
Domingo 21	18.00	Après moi, le déluge	Teatre Lliure	Teatro	9
Mércores 24	20.00	Homenaxe a Rosalía		Recital - Música	11

Marzo

Día	Hora	Espectáculo	Compañía	Xénero	Pág.
Xoves 4	20.30	O xogo de Yalta. Afterplay	Teatro do Atlántico	Teatro	12
Venres 5	20.30	O xogo de Yalta. Afterplay	Teatro do Atlántico	Teatro	12
Sábado 6	20.30	O xogo de Yalta. Afterplay	Teatro do Atlántico	Teatro	12
Domingo 7	18.00	O xogo de Yalta. Afterplay	Teatro do Atlántico	Teatro	12
Xoves 11	22.00	Festival Sinsal Extensión Salón Teatro	MONO + Joe McPhee & Chris Corsano	Música	14
Sábado 13	20.30	Genet - Las Criadas	Sala Muntaner	Teatro	15
Domingo 14	18.00	Genet - Las Criadas	Sala Muntaner	Teatro	15
Sábado 27	20.30	Casa de Fados. Em concerto	Casa de Fados	Música	17

Abril					
Día	Hora	Espectáculo	Compañía	Xénero	Pág.
Venres 9	21.00	Super8	CDG+Voadora	Teatro-Estrea	18
Sábado 10	20.30	Super8	CDG+Voadora	Teatro	18
Domingo 11	18.00	Super8	CDG+Voadora	Teatro	18
Luns 12		Festival Internacional de Teatro Universitario (FITU)		Teatro	20
Martes 13		FITU		Teatro	20
Mércores 14		FITU		Teatro	20
Xoves 15		FITU		Teatro	20
Venres 16		FITU		Teatro	20
Sábado 17		FITU		Teatro	20
Domingo 18		FITU		Teatro	20
Venres 23	20.30	Hotel Paradiso	Familie Flöz	Teatro	21
Sábado 24	20.30	Hotel Paradiso	Familie Flöz	Teatro	21
Xoves 29	22.00	Festival Sinsal Extensión Salón Teatro	Juana Molina	Música	23

Índice por espectáculos

FEBREIRO

Teatro

Saltimbanquis

TEATRO DO MORCEGO (Galicia)

Xoves 11 e venres 12 ás 11.00 h; sábado 13 ás 19.00 h e domingo 14 ás 18.00 h

Autoría: irmáns Grimm e S. Bardotti

Dirección e adaptación: Celso Parada

Teatro

Après moi, le déluge

TEATRE LLIURE (Cataluña)

Sábado 20 ás 20.30 h e domingo 21 ás 18.00 h

Autoría: Lluïsa Cunillé

Dirección: Carlota Subirós

Recital - Música

Homenaxe a Rosalía

Guadi Galego, Anxo Angueira, Abe Rábade, Jesús Santandreu, Nelson Cascais e Bruno Pedroso

Mércores 24 ás 20.00 h

Promove: Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura da Consellería de Cultura e Turismo

MARZO

Teatro

O xogo de Yalta. Afterplay

TEATRO DO ATLÁNTICO (Galicia)

Xoves 4, venres 5 e sábado 6 ás 20.30 h; domingo 7 ás 18.00 h

Autoría: Brian Friel

Dirección: Xúlio Lago

Música

MONO (Xapón) + JOE MCPHEE & CHRIS CORSANO (EUA)

Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro

Xoves 11 ás 22.00 h

Teatro

Genet - Las criadas

SALA MUNTANER (Cataluña)

Sábado 13 ás 20.30 h e domingo 14 ás 18.00 h

Autoría: Jean Genet

Dirección: Manel Dueso

Música

Casa de Fados. Em concerto

(Portugal)

Sábado 27 ás 20.30 h

ABRIL

Teatro - Estrea

Super8

COPRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO E VOADORA (Galicia)

Venres 9 ás 21.00 h; sábado 10 ás 20.30 h e domingo 11 ás 18.00 h

Autoría: Voadora

Dirección: Marta Pazos

Teatro

Festival Internacional de Teatro Universitario (FITU)

Do luns 12 ao domingo 18

Promove: Universidade de Santiago de Compostela. Área de Cultura

Teatro

Hotel Paradiso

FAMILIE FLÖZ (Alemaña)

Venres 23 e sábado 24 ás 20.30 h

Autoría: Anna Kistel, Sebastian Kautz, Thomas Rascher, Hajo Schüler,
Frederick Rohn e Michael Vogel

Dirección: Michael Vogel

Música

JUANA MOLINA (Arxentina)

Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro

Xoves 29 ás 22.00 h

Teatro familiar

■ Saltimbanquis

TEATRO DO MORCEGO (Galicia)

Xoves 11 de febreiro e venres 12 ás 11.00 h; sábado 13 ás 19.00 h e domingo 14 ás 18.00 h

Espectáculo musical dirixido a público infantil e familiar

Duración: 55 minutos



Autoría: irmáns Grimm e S. Bardotti

Dirección e adaptación: Celso Parada

Escenografía e vestuario: Carlos Alonso

Realización do vestuario: Cloti Vaello

Músicas: Chico Buarque e Zeca Afonso

Dirección de voces: Ramón Bermejo

Coreografía: Cris Montero

Iluminación: David Deive

Elenco: Mundo Villalustre, Mighello Blanco, Iolanda Muíños, Blanca Cendán, Serginho Sales (pianista)

Coro: Maite da Costa, Sena Hermida, Yolanda Lozano e Keke Díez

A peza ten como protagonista un burro que, cansado da explotación e dos malos tratos do patrón, decide abandonar a facenda onde traballaba na procura de mellores condicións de vida. No camiño á cidade encontra un can e unha galiña que foxen polo mesmo motivo, xunto cunha gata, a quen botaron da casa porque pasara a noite a cantar. Unidos contra a tiranía dos donos, deciden formar un conxunto musical e parten cara á cidade dos soños compoñendo belas cancións.

Ademais da dirección escénica, Celso Parada asumiu a adaptación galega do musical homónimo de Serxio Bardotti inspirado no conto *Os músicos de Bremen*, dos irmáns Grimm.

A compañía

Fundada en Cangas (Pontevedra) en 1989 polo actor e director Celso Parada e Isabel Ávila, a compañía Teatro do Morcego mantén a súa actividade ininterrompida desde entón. Ten recibido importantes premios como os Compostela por *Misterio cómico* e *Doberman* ou os María Casares por *Lazariño de Tormes*, ademais de ser finalista en varias edicións dos devanditos galardóns.

Entre as producións que levou a cabo nestes anos destacan *O burgués fidalgo*, de Molière; *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao; *A gran ilusión*, de Eduardo de Filippo; *Morte accidental dun anarquista*, de Dario Fo; ou recentemente, *O clube da calceta*, de María Reimóndez; e *Kvetch: O Rosmón*, de Steven Berkoff.

Na compañía traballaron e traballan importantes actores galegos como Maxo Barjas, Luísa Merelas, Santi Prego, X. Estévez, X. Carlos Mosquera Mos, Carlos Blanco, Paco Campos, Miguel Varela, Mundo Villalustre, Gonzalo Uriarte, E. R. Cunha Tatán, Pepa Barreiro, Casilda García, Sonia Rúa, Salvador del Río etcétera.

Teatro

■ *Après moi, le déluge*

TEATRE LLIURE (Cataluña)

Sábado 20 de febreiro ás 20.30 h e domingo 21 ás 18.00 h



Autoría: Lluïsa Cunillé

Dirección: Carlota Subirós

Escenografía: Max Glaenzel e Estel Cristià

Iluminación: Mingo Albir

Vestuario: Marta R. Serra

Axudante de dirección: Ferran Dordal i Lalueza

Elenco: Jordi Dauder e Vicky Peña

Coprodución de Teatre Lliure e Centro Dramático Nacional

Un home e unha muller atópanse nun cuarto de hotel de Kinshasa, a capital do Congo. El traballa para unha compañía surafricana que se dedica á extracción e á comercialización do coltan, un mineral descuberto nos últimos anos que resulta esencial no desenvolvemento de novas tecnoloxías. Ela hai anos que está instalada no hotel, onde fai de intérprete para os homes de negocios que se aloxan alí. O resto do tempo dedícaa a tomar o sol ao carón da piscina e, de feito, xa nin se lembra de cando foi a última vez que saíu do hotel. Son dous europeos que nalgún momento da súa vida descubriron a fascinación por África e convertérona no seu refuxio. Ao longo da conversación, a crúa realidade do mundo que os rodea marcada pola inxustiza e o saqueo irase facendo presente dentro do aparente illamento deste cuarto de hotel, a pesar de todos os seus esforzos para pechar os ollos e a alma.

A peza ofrece unha visión insólita e persoal da complexa relación entre os chamados primeiro e terceiro mundo. Temas polémicos como as formas de solidaridade, de diálogo, de explotación ou de caridade aparecen silenciosamente na obra sen caer en ideas preconcebidas ou simplificadoras.

Après moi, le déluge (*Despois de min, o diluvio*) é un texto de Lluïsa Cunillé que nace tras un encargo de Teatre Lliure de Barcelona, dentro da iniciativa Autoría Textual, que propón a dramaturgos cataláns escribir novas obras a partir de temáticas de actualidade. A peza foi galardoada co Premio Lletra d'Or 2008 ao mellor texto teatral editado en catalán.

Lluïsa Cunillé

É unha das autoras teatrais catalás máis activas dos últimos anos. Formouse como dramaturga na Sala Beckett de Barcelona, onde durante tres anos participou nos seminarios de dramaturxia textual impartidos por José Sanchis Sinisterra. Desde a estrea da súa primeira obra, *Rodeo* (Premio Calderón de la Barca 1991), Cunillé non deixou de estrear e publicar novos textos. É cofundadora xunto con Paco Zarzoso e Lola López da Companyia Hongaresa de Teatre en 1995. En 2007 recibiu o Premio Nacional de Teatre de la Generalitat de Catalunya. Entre a súa ampla produción, destacan *Accident* (1996, Premio da Institució de les Lletres Catalanes), *La venda* (1997), *L'afer* (1999, Premio Ciutat de Alcoi), *Passatge Gutenberg* (2000, Premio da Crítica de Barcelona) e *El gat negre* (2001).

A relación de Lluïsa Cunillé con Teatre Lliure iniciase en 2002 da man de Xavier Albertí, para quen escribiu unha versión do *Troilus i Cressida* de Shakespeare. Posteriormente virán *Et diré sempre la veritat* (2002), *Il·lusionistes* (2004), *Occisió* (2005), *PPP* (2005), *La cantant calba al Mc Donald's* (2006), *El dúo de La Africana* (2007) e *Assajant Pitarrá* (2007). Durante 2008 recibiu o premio Lletra d'Or pola edición de *Après moi, le déluge* e estreou un novo texto na Sala Fabià Puigserver: *El bordell* (dirixido por Xavier Albertí) e unha adaptación da zarzuela *La corte del faraón* (tamén con Albertí) no Festival Temporada Alta – Festival de Tardor de Catalunya (Girona/Salt).

Carlota Subirós

Directora de escena, é membro do Equipo de Dirección Artística do Teatre Lliure. Licenciada en Filoloxía Italiana, é Premio Extraordinario do Institut del Teatre 1997 e Premio de Honra da Universitat de Barcelona 2001.

Entre as súas últimas direccións escénicas destacan *Rodoreda. Un retrat imaginari* (creación a partir da vida e obra de Mercè Rodoreda), *Jugar amb un tigre* (de Doris Lessing), *Après moi, le déluge* (de Lluïsa Cunillé), *L'home de la flor a la boca* (de Luigi Pirandello), *King* (a partir da novela de John Berger), *Otel·lo* (de W. Shakespeare), *Els estiuejants* (de Maxim Gorki), *Nel mezzo del cammin di nostra vita* (homenaxe a Franco di Francescantonio), *Amor Fe Esperança* (de Ödön von Horváth), *Marie i Bruce e L'oficiant del dol* (de Wallace Shawn).

Recital - Música

■ **Homenaxe a Rosalía**

GUADI GALEGO, ANXO ANGUEIRA, ABE RÁBADE, JESÚS SANTANDREU, NELSON CASCAIS E
BRUNO PEDROSO (Galicia)

Mércores, 24 de febreiro ás 20.00 h

Promove: Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura da Consellería de Cultura e Turismo

No Día de Rosalía, e coincidindo coa celebración do 173 aniversario do nacemento da autora galega, o Salón Teatro acolle un recital da súa obra poética máis destacada sobre unha base musical exclusiva e composta en clave de jazz.

Abe Rábade compuxo os temas que poñen música aos versos da poeta e que se presentan en directo, nalgúns casos cantados por Guadi Galego e noutros, recitados melodicamente por Anxo Angueira.

A música corre a cargo do cuarteto formado por Abe Rábade ao piano, Jesús Santandreu ao saxo, Nelson Cascais ao contrabaixo e Bruno Pedroso á batería.

Teatro

■ O xogo de Yalta. Afterplay

TEATRO DO ATLÁNTICO (Galicia)

Xoves, 4 de marzo; venres, 5 e sábado, 6 ás 20.30 h. Domingo, 7 ás 18.00 h

*Autoría:* Brian Friel*Dirección:* Xúlío Lago*Tradución:* Goretti Sanmartín*Escenografía:* Rodrigo Roel*Iluminación:* Xúlío Lago*Son:* Ángel Rico, Bicho*Vestuario:* Susa Porto*Música:* Xavier Constenla*Elenco:* María Barcala, Xavier Constenla, Damián Contreras, Victoria Pérez e Gonzalo M. Uriarte

O xogo de Yalta. Partindo de *A dama do canciño*, un dos máis coñecidos e recoñecidos contos de Antón Chékhov, o irlandés Brian Friel constrúe esta fermosa e sorprendente peza dramática con saltos no tempo e no espazo que lanzan ao espectador a unha vertixinosa e máxica viaxe case "turística", con baixada posterior ao contradictorio e complexo mundo amoroso que envolve e convulsiona as vidas de Dmitry Dmitrich e a Anna Sergueyevna, situándoas nunha difícil encrucillada.

Afterplay. A necesidade de converter en plantación de eucaliptos o que ata agora fora plantación de cereais e a procura de créditos bancarios para subsistir levan a Sonia Serebriakowa a Moscú. Nun humilde café coincide con Andrei Prozorov, violinista cunha dura biografía, producíndose entre ambos unha corrente de confesións das que, inevitablemente, os espectadores somos partícipes.

Os amantes do teatro de Antón Chékhov sorprenderanse ao toparse agora cunha nova peza, e xuntos, cos personaxes do Andrei, de *As tres irmás*; e a Sonia, de *Tío Vania*; vinte anos despois.

A compañía

A compañía Teatro do Atlántico constitúese no ano 1985 e desde entón leva realizadas ata o momento un total de 25 producións, entre as que figuran *Casa de bonecas* de Ibsen, *A noite das tribades* de

Olov Enquist, *O cerco de Leningrado* de Sanchis Sinisterra, *O encoro* de Conor McPherson, *A raíña da beleza de Leenane* de Martín McDonagh ou *Unha primavera para Aldara*, de Teresa Moure (galardoada con sete Premios María Casares 2009).

Realizou xiras por case todas as comunidades autónomas e participou en numerosos festivais nacionais e internacionais (Iberoamericano de Cádiz, FITEI do Porto, Latinoamericano de Córdoba [Arxentina], Internacional de Caracas, Internacional de Ribadavia, Festeiro de Viana do Castelo, Teatro Cómico e Festivo de Cangas, Mostra de Cee, Muestra de las Autonomías Villa de Madrid ou FIT de Carballo), presentando os seus espectáculos sempre en lingua galega.

María Barcala, Casilda García, Susana Dans e Gonzalo Uriarte foron premios de interpretación en papeis protagonistas con esta compañía. Tamén foi premiada varias veces por dirección (Xúlio Lago), escenografía (Antonio Simón), actor secundario (*Toño Casais*) ou mellor espectáculo (*O encoro*, *A raíña da beleza de Leenane* ou *Unha primavera para Aldara*).

Coa produción de *O xogo de Yalta. Afterplay*, a compañía celebra á súa XXV temporada.

Música

■ MONO (Xapón) + JOE MCPHEE & CHRIS CORSANO (EUA)

Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro

Xoves, 11 de marzo ás 22.00 h



Mono constitúe unha das formacións máis interesantes do panorama independente xaponés. Dentro do espectro do post-rock máis instrumental e narrativo, destacan pola precisión emocional dos seus temas e por unha carreira moi estable no que se refire ás calidades dos seus traballos. O cuarteto xaponés presentará neste concerto *Hymn To The Immortal Wind*, o seu quinto e máis recente traballo, co que celebran o seu décimo aniversario.

Mono constrúe muros de son inmensos, os seus *in crescendo* memorables achégaos ao rock progresivo e os seus camiños entre o silencio e o ruído son levados con mestría e dramatismo. Son, sen dúbida, unha banda madura capaz de levar o rock cara a novas fronteiras.

Formada en 2000 en Toquio, os seus membros son Takaakira Goto (guitarra), Yoda (guitarra), Tama-ki Kunishi (baixo, guitarra, piano e glockenspiel) e Yasunori Takada (percusión, glockenspiel e sintetizador). Teñen xa no seu haber cinco álbums de estudo: *Under the Pipal Tree* (2001) e *One Step More and You Die* (2002) en Tzadik Records e Music Mine respectivamente. De 2004 a 2007, Mono asinou con Temporary Residence Limited e publicou dous álbums máis: *Walking Cloud and Deep Red Sky, Flag Fluttered and the Sun Shined* (2004) e *You Are There* (2007). E finalmente, en 2009 ve a luz o seu novo traballo, *Hymn to the Immortal Wind*.

O estilo da banda está influído polo *shoegaze* (un estilo de música alternativa xurdido a finais dos anos oitenta no Reino Unido, bautizado así pola prensa debido ao costume que tiñan os integrantes das bandas de tocar mirando cara ao chan, sen facer contacto visual co seu público) e o rock experimental, así como pola música clásica contemporánea, con trazas de minimalismo. O seu particular son caracterízase polo uso da reverberación, a distorsión e o *delay* nas guitarras, e os seus directos acostuman a ser intensos cheos de vibrante forza, tanto na súa maneira de tocar como no seu dinamismo.

O concerto conta coa presenza de Joe McPhee & Chris Corsano como artistas convidados. Saxofonista e percusionista respectivamente, estes dous músicos con traxectorias e escolas tan distintas xúntanse para produciren unha das colaboracións máis aplaudidas do free-jazz contemporáneo.

Teatro

■ Genet – Las criadas

SALA MUNTANER (Cataluña)

Sábado 13 de marzo ás 20.30 h e domingo 14 ás 18.00 h



Autoría: Jean Genet

Dirección e adaptación: Manel Dueso

Axudante de dirección: Manel Moncusí

Tradución: Lluís Miquel Bennàssar e Manel Dueso

Espazo sonoro: Bárbara Granados

Espazo escénico: Manel Dueso e María De Frutos

Deseño de luces: David Bofarull

Deseño de vestuario: Miriam Compte

Elenco: Isaac Alcayde, Oriol Genís e Xavier Pujolràs

Nunha cerimonia perversa e chea de intriga, as irmás Clara e Solange representan alternativamente o papel da súa Señora. Así sae á luz o amor-odio que senten por ela e por si mesmas, á vez que expresan aquilo que cren que a Señora pensa das súas criadas.

Seguindo unha indicación do propio autor, na montaxe de Manel Dueso os tres personaxes femininos son representados por homes, potenciando así o xogo teatral e afastando a obra de toda clave realista, xa que, segundo Genet non se trata dunha mera protesta pola situación do persoal doméstico.

Jean Genet

Novelista, poeta e dramaturgo francés, Genet era fillo ilexítimo dunha prostituta. Foi sorprendido roubando á idade de dez anos e durante toda a súa mocidade e ata uns trinta anos despois tivo que enfrontarse a unha longa serie de procesos por roubo e prostitución homosexual. En 1947, ao levar xa dez detencións por roubo, foi condenado a cadea perpetua. Mentres estaba no cárcere, Genet escribiu e publicou varios libros e o seu crecente prestixio literario moveu a un amplo grupo de autores franceses a pedir a súa liberación, que finalmente foi concedida en 1948 polo presidente de Francia.

A primeira novela de Genet, un traballo autobiográfico sobre a homosexualidade e a vida nos baixos fondos, foi *Nosa Señora das flores* (1944). Entre as súas novelas posteriores figuran *O diario dun ladrón* (1949), *O milagre da rosa* (1951) e *Pompas fúnebres* (1953). En 1947 Genet comezou a escribir teatro, medio no que creou as súas obras de máis repercusión. A súa primeira obra, *As criadas* (1947), unha das máis exitosas da súa produción, marcou a súa entrada no movemento do teatro do absurdo. En *Estricta vixilancia* (1949), *O balcón* (1957), *Os negros* (1959) e *Os biombos* (1961), Genet empregou frecuentemente o cambio de papeis e a inversión entre o ben e o mal como técnicas para subliñar a falsidade dos valores sociais e políticos. Todas as obras de Genet expresan a súa profunda simpatía polos desherdados e os marxinados da sociedade. Tamén escribiu os libros de poemas *O condenado a morte* e *Marcha fúnebre*.

Aínda que os seus escritos foron considerados ao principio pornográficos ao principio, Genet foi definido moi cedo como un existencialista preocupado polos problemas da identidade e a alienación, e foi recoñecido como un dos máis importantes escritores do século XX. En 1983 concedéuselle o Grand Prix National des Lettres, o premio nacional das letras francesas.

Manel Dueso

Actor, director, dramaturgo e guionista de televisión e radio, é tamén profesor de interpretación e dirección, así como fundador da Sala Beckett.

Algunhas das súas dramaturxias, onde asume igualmente a dirección escénica, son: *Maria, Hedda, Júlia, Ofèlia, Fortuna accidental, Matem els homes, Melinda on the rocks* ou *Estrip-tis*. Entre a súa ampla traxectoria como director destacan: *Dublin Carol* de Connor McPherson, na que se dirixía a si mesmo, *Balas sobre Broadway* de Woody Allen, *Anitta Split* de J. Julien, *El presoner de la segona avinguda* de N. Simon, *El beso de la mujer araña* de Manuel Puig, *Les amargues llàgrimes* de Petra Von Kant de R. W. Fassbinder, *Como en la mejores familias* de J. P. Bacri e A. Joui, *El somni d'una nit d'estiu* de W. Shakespeare, *Un tramvia anomenat desig* de T. Williams (Premio Teatre Metropol á mellor dirección), *La presa de C. McPherson* (Premio da Crítica á mellor dirección) ou *Restes humanes sense identificar i l'autèntica naturalesa de l'amor* de B. Frasser. Foi tamén axudante de dirección de Calixto Bieito en numerosas montaxes, entre outras as Shakesperianas *Mesura per mesura, La tempestad* e *El somni d'una nit d'estiu*, así como en *La casa de Bernarda Alba* de Lorca.

Como actor de teatro, ademais de participar nas devanditas montaxes dirixidas por Bieito, Dueso traballou tamén ás ordes de Sergi Belbel (*En pólvora* de A. Guimerá, *La fageda* de Benet i Jornet), Rosa Novell (*El día del profeta* de J. Brossa), Lourdes Barba (*Saló Primavera* de Ll. Cunillé e P. Zarzoso), Carme Portacelli (*L'agresor* de T. Jonigk), Lluís Pasqual (*L'hort de les cireres* de A. Chékhov), Joan Ollé (*Accident* de Ll. Cunillé), Tamzin Townsend (*El misteri de l'assassinat* de D. McGillibray), Ana Lizarán (*Arsènic i puntes de coixí* de J. Kesselring), Ariel García Valdés (*Timon d'Atenes* de W. Shakespeare) ou Ramón Simó (*Perdida en los Apalaches* de J. Sanchis Sinisterra), por mencionar algunhas.

Música

■ CASA DE FADOS. Em concerto

Sábado, 27 de marzo ás 20.30 h

*Autoría:* Carlos Saura, Iván Días e Sergi Almiñana*Dirección:* Pedro de Castro*Escenografía e iluminación:* Javier Quintanilla*Vestuario:* Casa de Fados*Música:* Pedro de Castro – Varios Autores*Son:* Alfons Almiñana*Elenco:* Pedro Castro, Jaime Santos, Joel Pina (músicos) / Ricardo Ribeiro, Vicente da Câmara, Ana Sofía Varela e Pedro Moutinho (fadistas)

Casa de Fados é un proxecto que está formado polas voces e instrumentistas máis destacados da escena do fado actual, con vocalistas como Ricardo Ribeiro, Ana Sofía Varela e Pedro Mountinho, entre outros.

Creado para a película *Fados* de Carlos Saura, este grupo consolidouse como unha das formacións máis relevantes no fado internacional. O espectáculo pretende imitar o ambiente dunha casa de fado, termo referido a aquel local onde se canta o fado en Lisboa e onde o público rende culto a cantantes e músicos deste xénero. A posta en escena do concerto reproduce igualmente a estética e a visión que o cineasta aragonés pensara para a súa última película que completa una triloxía baseada nas músicas urbanas que naceron no século XIX en diferentes cidades e que se converteron en músicas universais. Se *Iberia* e *Tangos* falaban respectivamente do flamenco e do tango, en *Fados* o recoñecido director amosa a súa visión sobre esta música e a súa particular maneira de entender a vida.

En *Casa de Fados* actúan diferentes instrumentistas e cantantes, primeiras figuras do fado xunto a novas promesas que se converteron en artistas na vangarda desta música e que son amplamente recoñecidos como herdeiros de figuras como Amália Rodrigues ou Carlo do Carmo. Por primeira vez únense en escena seis fadistas e catro músicos de moi diferentes xeracións.

Teatro - Estrea

■ Super8

COPRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO E VOADORA (Galicia)

Venres, 9 de abril ás 21.00 h; sábado, 10 ás 20.30 h e domingo, 11 ás 18.00 h



Autoría: Voadora

Dirección: Marta Pazos

Asistente de dirección: Anabell Gago

Apoio dramaturxia: Roberto Leal

Colaboración dramaturxia: Natalia Outeiro Pajarito e Afonso Castro

Espazo escénico: Sandra Varela

Deseño de luces: Baltasar Patiño

Música orixinal: Hugo Torres e Jose Díaz

Elenco: Jose Díaz, Marta Pazos, Hugo Torres, Uxia P. Vaello e Sergio Zearreta

Se os primeiros amores e os primeiros bicos seguen existindo só porque nós os lembramos, e de feito esta é a súa única existencia, entón todo o vivido vén ser unha novela en fase continua de corrección, un relato permanentemente reescrito. O mundo non existiría sen a memoria, en realidade, só existe a memoria. Non hai futuro, o presente pasa a ser memoria no instante seguinte, e un dos grandes descubrimentos deste século é o papel transcendental da memoria na configuración da nosa vida.

A pegada que deixa no inconsciente unha experiencia individual en forma de recordo insírese no noso *hardware*. Por iso dicimos que estamos programados para ser únicos, e as nosas decisións van ser o resultado non só da xenética cerebral, senón das pegadas deixadas pola nosa experiencia individual.

A memoria non é tan só un xigantesco almacén, senón un prodixioso disco duro, que nos dota de identidade e nos fai absolutamente únicos. En *Super8* cuestiónase o papel da memoria e os seus mecanismos na nosa identidade. Teatro, música en vivo, danza e maxia únense nun espectáculo onde os intérpretes se debaten entre a obsesión de recordar e a importancia de esquecer.

Super8 é a segunda parte da triloxía *Lugares Comúns-Fracaso-Memoria-Paraíso*. O proxecto investiga os espazos reais e imaxinarios que compartimos e como estes puntos de encontro inflúen na procura da identidade do individuo contemporáneo. *Super8* é a cor da memoria.

A compañía

Con sede na cidade de Santiago de Compostela, a plataforma de creación Voadora xorde no verán de 2007 da vontade de potenciar a creación artística e o intercambio cultural entre creadores da área lusófona. A compañía pretende crear en cada proxecto un espazo activo de traballo onde os artistas poidan crear, investigar, reflexionar e debater sobre temas de carácter universal buscando nexos comúns xeracionais, estéticos, emocionais e artísticos, avogando por un achegamento –ao que eles se refiren como *so far so close*– entre Galicia e Portugal.

Voadora acolle propostas que utilizan a multidiscipliniedade de linguaxes e conxugan as diferentes sensibilidades da paisaxe escénica actual. O equipo formado por mozos creadores de diferentes disciplinas artísticas traballa na xestión de proxectos escénicos baseados na experimentación, o xogo e a busca de novas linguaxes.

O seu primeiro espectáculo *PeriFeria* (2008), acadou o apoio do CDG e da AGADIC, así como unha residencia artística en Novo Ciclo-Teatro Acert de Tondela (Portugal). No ano europeo do diálogo intercultural, a fundación Euro-Mediterranea Anna Lindh escolleu o espectáculo como unha das *1001 Actions for Dialogue*.

Teatro

■ XVI Festival Internacional de Teatro Universitario

Do luns 12 ao domingo 18 de abril

Universidade de Santiago de Compostela. Área de Cultura

O Salón Teatro será unha das sedes do Festival Internacional de Teatro Universitario, o certame máis antigo destas características en Galicia e nun dos máis vellos do Estado, que este ano chega á súa XVI edición amosando as novidades das aulas universitarias de teatro.

Ao longo destes anos, pasaron polo festival compañías procedentes de países tan diversos como Marrocos, Túnez, Costa de Marfil, Chile, Venezuela, México, Cuba, Brasil, Porto Rico, Estados Unidos, Francia, Noruega, Escocia, Bélxica ou Portugal; así como a práctica totalidade das aulas de teatro das universidades españolas e diversas escolas superiores de arte dramática.

Máis información na Área de Cultura da páxina web da Universidade de Santiago de Compostela:
<http://www.usc.es/cultura/>

Teatro

■ Hotel Paradiso

FAMILIE FLÖZ (Alemaña)

Venres, 23 de abril e sábado, 24 ás 20.30 h



Autoría: Anna Kistel, Sebastian Kautz, Thomas Rascher, Hajo Schüler, Frederick Rohn e Michael Vogel

Dirección e espazo escénico: Michael Vogel

Vestuario: Eliseu R. Weide

Máscaras: Hajo Schüler

Deseño de iluminación: Reinhard Hubert

Luces: Emilio Valenzuela

Deseño de son: Dirk Schröder

Elenco: Anna Kistel, Sebastian Kautz, Thomas Rascher, Frederik Rohn

Cousas moi estrañas acontecen no tradicional *Hotel Paradiso*, unha pequena empresa familiar que se mantén en pé grazas aos esforzos da súa anciá directora. Unha fonte termal promete aliviar as doenzas de corpo e espírito; sobre a porta de entrada do hotel brillan catro estrelas. Pero neste ceo na terra tamén hai nubes escuras. O fillo soña cun grande amor, mentres batalla encarnizadamente coa súa irmá pola dirección do hotel. A moza encargada do servizo róuballes aos hóspedes, e o cociñeiro non só corta filetes de porco... Cando o primeiro morto aparece, persoal e hóspedes sen excepción vense envoltos nun remuíño de furiosos acontecementos. Entre vertixinosas cadeas montañosas ábrense escuros abismos sen fondo dos que ninguén pode escapar. O destino do hotel parece selado: os cadáveres nunca son bos para o negocio.

A compañía

A Familie Flöz é un grupo internacional de creadores de teatro: actores, músicos, bailaríns, directores, deseñadores de máscaras e de vestuario, iluminadores, dramaturgos etcétera, de dez nacións diferentes. Trátase dunha gran familia, emocionante e grotesca, que a través dun pozo profundo por primeira vez sae á luz desde o escuro ventre da terra: tal foi a imaxe que fixo famosa á Familie Flöz na escena internacional de teatro en 1996.

Tras esta imaxe, escóndese tamén a autoconsciencia dun grupo en permanente mutación: cada peza, desenvolvida continuamente no marco dun proceso de traballo colectivo, trae á vida un cosmos particular, poboado de figuras e historias que se abriron camiño desde o oculto ata a luz.

Co redescubrimento permanente de centenarias disciplinas como a arte dramática, o xogo de máscaras, a danza, o *clown*, a *artistik*, a maxia e a improvisación, a Familie Flöz crea sucesos teatrais dunha poesía sen igual. Tras máis de dez anos, a Flöz segue a ser un fenómeno difícil de clasificar e aínda máis difícil de describir. Coas súas pezas mudas que sorprenden a públicos do mundo enteiro logrou crear ao longo do tempo un xénero completamente particular.

A compañía foi galardoada con numerosos premios internacionais de feito é desde hai tempo un dos artigos de exportación máis exitosos do teatro alemán. Tras *Ristorante Immortale* (1998), *Teatro Delusio* (2004) e *Infinita* (2007), todas creacións que continúan percorrendo o mundo con éxito, chega a última produción de Familie Flöz: o *Hotel Paradiso* abriu as súas portas.

Música

■ JUANA MOLINA (Arxentina)
Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro
Xoves, 29 de abril ás 22.00 h



As melodías de Juana Molina transitan entre a guitarra e a electrónica, pois a súa carreira tende desde os inicios cara ao acústico e o orgánico. Os seus directos son un auténtico *work in progress* en que, axudándose de pedais, as cancións van crescendo ante o público.

A cantante deuse a coñecer en 1988, como actriz no programa *La noticia rebelde*. En outubro dese ano empezou a traballar no programa de Antonio Gasalla e, a continuación, independizouse con *Juana y sus hermanas*, programa de humor de grande éxito na Arxentina, de onde é natural.

En 1996 debutou discograficamente con *Rara*, aínda que previamente se atrevera a realizar unha re-compilación de cancións gravadas para o seu programa de televisión. Nun estudo de gravación caseiro recorreu aos teclados, á guitarra, á súa voz e a unha computadora para a creación do seu disco *Segundo* (2000).

A mesma Juana explicaba como foi o seu proceso de creación: "Cando teño unha pequena idea, antes de tocala aínda que sexa unha vez, poño en marcha o gravador. Porque sempre sei que vai haber unha cousa que vai ser un erro, porque non sei moi ben a onde ir e porque non sei moi ben como volver: e estou segura de que con todo iso se vai armar algo que me vai gustar. E despois tento facer que iso teña unha letra que lle vaia a esa melodía e que se enganche harmonicamente con isto e con aquilo. Pero prefiro que quede esa primeira pegada, que ao final é a que brilla no tema".

En 2001, Juana enviou uns exemplares do disco a un distribuidor do Xapón. *Segundo* resultou ser o disco arxentino máis vendido no país nipón. En 2002 sacou outro álbum, *Tres cosas*, que chegou ás mans de Laurence Bell, propietario do selo independente inglés Domino Records, que decidiu editar *Segundo* e *Tres cosas* nos Estados Unidos e no Reino Unido. Daquela, medios como Rolling Stone, The Independent ou a BBC enchérona de eloxios e recomendárona con fervor. A *Tres cosas* seguiu *Son*, en 2007 e agora presenta *Un día*, o seu quinto disco publicado en 2008 que triúnfase en todo o mundo coa súa música tenue e a súa voz austera e volátil.

VENDA DE ENTRADAS

As entradas para asistir aos diferentes espectáculos do Salón Teatro póñense á venda no despacho de billetes que permanecerá aberto todos os días de función desde dúas horas antes do comezo de cada actuación.

Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web www.caixagalicia.es. O prezo das localidades é de 10 euros (cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, usuarios do carné xove e desempregados), e de 5 euros o domingo, día do espectador.

A actividade Homenaxe a Rosalía e as funcións do Festival Internacional de Teatro Universitario son de acceso gratuito ata completar localidades.

